

III GALICIA O-MEETING

CTO XUNTA DE GALICIA DISTANCIA LONGA | 6ª PROBA DA LG DE O-PÉ | 2ª PROBA LTF
PENA DOS MONTEIROS (AS PONTES) | Sábado 12 de setembro de 2026

PRESENTACIÓN

O **Galicia O-Meeting** celebra a súa terceira edición co obxectivo de consolidarse como un evento de referencia no calendario da orientación, invitando a deportistas de toda Galicia e do resto da Península a descubrir algúns dos mellores mapas e terreos da nosa Comunidade. Nesta ocasión, o escenario será o mapa de **Pena dos Monteiros**, en Goente (As Pontes), unha contorna de excepcional calidade para a práctica da orientación que acollerá dúas probas da Liga Galega de O-Pé.

O sábado 12 de setembro disputarase a **6ª proba da Liga Galega**, organizada pola S.M. Ártabros, que ademais será o **Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa** e puntuable para a **Liga Transfronteiriza Galicia- Norte de Portugal**. O domingo celebrarase a **7ª proba da Liga Galega de Orientación a Pé**, tamén valedora para a **Liga Transfronteiriza**, organizada polo Club de Orientación Liceo. Cada unha das probas son eventos con **inscricións independentes**.

Dende a organización animamos a participar a persoas de todas as idades e niveis, xa que haberá percorridos adaptados tanto para quen se inicia na orientación como para os deportistas máis experimentados.

ORGANIZACIÓN

Club organizador: [Sociedad de Montaña ÁRTABROS](#)

Director de proba: Santiago Traveso

Trazados: Javier Sevilla

Xuices de Cronometraxe: Natalia Pedre, Javier Arufe e Alfonso Mancera.

Xuíz controlador designado por FEGADO: Tito Arufe (Club de Orientación Liceo)

LOCALIZACIÓNS

Centro de competición: Goente ([As Pontes de García Rodríguez](#))

Coordenadas GPS: 43°26'13.3"N 7°59'03.0"W.

Presaída: **10 min (saída a 400 m)**. Situada no centro de competición no paso canadiense ao final do tramo asfaltado. A estación **Battery Test** estará localizada na presaída.

Parking:

- Os **turismos** deberán estacionar no **parking 1** ata completalo e despois no **parking 2** paralelamente ao arcén ao longo da estrada.
- As **autocaravanas** deberán estacionar no **parking de autocaravanas**, un aparcamento pertencente ao Restaurante Casa Díaz.



III GALICIA O-MEETING

CTO XUNTA DE GALICIA DISTANCIA LONGA | 6ª PROBA DA LG DE O-PÉ | 2ª PROBA LTF
PENA DOS MONTEIROS (AS PONTES) | Sábado 12 de setembro de 2026

DATA E MAPAS

Data: Sábado 12 de setembro 2026.

Cartógrafo: Javier Arufe e Martín Morales. Revisión de Javier Sevilla (agosto 2026).

Mapas: **PENA DOS MONTEIROS** (Goente, As Pontes de García Rodríguez), mapa realizado en 2022 por Martín Morales (TrickTrack) adaptado á normativa ISOM 2017-2 con rexistro FEDO C-3106-22 | **GOENTE** (As Pontes de García Rodríguez), mapa realizado en 2022 por Javier Arufe (Liceo) adaptado á normativa ISOM 2017-2 con rexistro FEDO C-3039-22. *Ver anexo ao mapa antigo.*

HORARIOS

10:30 | Comezo das saídas das categorías oficiais

10:45-12:00 | Saídas das categorías de iniciación

14:30 | Entrega de diplomas Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa e sorteo

15:00 | Peche de meta

CATEGORÍAS

Categorías oficiais:

- **M-12, F-12:** persoas que cumpren 12 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2014 ou posteriores*).
- **M-14, F-14:** persoas que cumpren 14 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2012 ou posteriores*).
- **M-16, F-16:** persoas que cumpren 16 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2010 ou posteriores*).
- **M-18, F-18:** persoas que cumpren 18 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2008 ou posteriores*).
- **M-21, F-21:** sen límite de idade.
- **SENIOR, F-SENIOR:** sen límite de idade.
- **M-35, F-35:** persoas que cumpren 35 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1991 e anteriores*).
- **M-45, F-45:** persoas que cumpren 45 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1981 e anteriores*).
- **M-55, F-55:** persoas que cumpren 55 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1971 e anteriores*).
- **M-65, F-65:** persoas que cumpren 65 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1961 e anteriores*).

Categorías non oficiais:

- **Iniciación curta:** sen límite de idade.
- **Iniciación longa:** persoas que cumpren 16 anos ou máis en 2026 (*nadas en 2010 ou posteriores*).

DISTANCIAS E DESNIVEIS

RECS por categoría	Nº REC	Distancia (Km)	Desnivel (m)	Nº controis	Escala	Tempo máx
F/M 12		3,6	80	10	1:7.500	3h
F/M 14		4,3	90	10	1:10.000	3h
F/M 16		4,8	95	11	1:10.000	3h
F/M 18		5,8	125	11	1:10.000	3h
F-21		6,5	175	12	1:10.000	3h
M-21		7	190	13	1:10.000	3h
F-SENIOR/M35		9,2	220	16	1:10.000	3h
SENIOR		10,5	250	18	1:10.000	3h
F-35/M-45		6,6	175	13	1:10.000	3h
F-45/M-55		5,9	165	12	1:10.000	3h
F-55/M-65		4,6	95	10	1:10.000	3h
F-65		3,6	85	9	1:10.000	3h
INI CURTA		3,2	75	11	1:7.500	3h
INI LONGA		4,8	120	12	1:7.500	3h



III GALICIA O-MEETING

CTO XUNTA DE GALICIA DISTANCIA LONGA | 6ª PROBA DA LG DE O-PÉ | 2ª PROBA LTF
PENA DOS MONTEIROS (AS PONTES) | Sábado 12 de setembro de 2026

COMENTARIOS DO TRAZADOR

Ver documento adxunto

PREZOS E INSCRICIÓNS

Inscricións abertas ata **as 23:50 horas do domingo 06 de setembro do 2026**

Prezos:

- **Persoas federadas da FEGADO:**
 - Categorías M/F-16 e inferiores: 2,0 € / proba
 - Categorías M/F-18: 7,0 € / proba
 - Categorías M/F-21 e superiores: 10 € / proba
 - Iniciación Curta: 2,0 € / proba.
 - Iniciación Longa*: 2,0 € / proba.
(* cumpren 16 anos ou máis en 2026)
- **Persoas federadas noutras FEDERACIÓNS TERRITORIAIS:**
Inscricións a alfonsomancera@gmail.com (información na seguinte páxina).
 - Categorías M/F-16 e inferiores: 2,0 € / proba
 - Categorías M/F-18: 7,0 € / proba
 - Categorías M/F-21 e superiores: 10 € / proba
 - Iniciación Curta: 2,0 € / proba.
 - Iniciación Longa*: 2,0 € / proba.
(* cumpren 16 anos ou máis en 2026)
- **Persoas non federadas NON socias da SM Ártabros nin do Liceo:**
Inscricións e pago cubrindo o formulario na web de ÁRTABROS ([aquí](#))
 - Iniciación Curta: 2,0 € / proba + 2,5 € de licenza de día
 - Iniciación Longa*: 2,0 € / proba + 2,5 € de licenza de día
(* cumpren 16 anos ou máis en 2026)
- **Persoas non federadas socias da SM Ártabros ou do Liceo:** soamente aboarán o prezo da licenza de día as persoas **MAIORES** de idade, o club correrá cos gastos da licenza das persoas **MENORES**.
Inscricións e pago cubrindo o formulario na web de ÁRTABROS ([aquí](#)).
 - Iniciación Curta: 2,5 € / día
 - Iniciación Longa*: 2,5 € día
(* cumpren 16 anos ou máis en 2026)
- **Aluguer tarxeta SPORTident (SI):** 3 €/ proba (de balde para persoas socias de Ártabros e Liceo). É **obrigatorio** o uso de tarxeta SPORTident individual para todas as categorías. Asignarase automaticamente unha tarxeta SPORTident en alugamento a quen non indique o número de tarxeta nos datos de inscrición. A **perda** da tarxeta SPORTident obriga á súa reposición.

Inscricións:

- **Inscrición das persoas federadas na FEGADO:** As inscricións realizaranse como é habitual seleccionando o evento correspondente a través da intranet da FEGADO.
 - Inscricións no evento da web da FEGADO ([aquí](#))
- **Inscrición das persoas federadas nun club NON pertencente á FEGADO:**
 - As inscricións deberán realizarse enviando un correo a alfonsomancera@gmail.com indicando **nome completo, DNI, club, data de nacemento, categoría** (nos resultados figurará "NC-Non



III GALICIA O-MEETING

CTO XUNTA DE GALICIA DISTANCIA LONGA | 6ª PROBA DA LG DE O-PÉ | 2ª PROBA LTF
PENA DOS MONTEIROS (AS PONTES) | Sábado 12 de setembro de 2026

Compite”), dorsal, nº licenza 2026, probas ás que se inscribe (SÓ 6ª proba da LG de O-Pé, SÓ 7ª proba da LG de O-Pé ou AMBAS) e achegando o xustificante de pago.

- O pago das inscricións realizarase na conta nº **ES25 2080 5565 0030 4000 2362** de ABANCA. A cantidade a ingresar será a suma das inscricións, máis 3 euros/ día por cada corredor que alugue tarxeta SI. No concepto do ingreso indicar: **71100432 GOENTE+ nome do corredor que se inscribe**.

- **Inscricións das persoas NON federadas en orientación:**

- Inscricións e pago cubrindo o formulario ([aquí](#))
- Dispoñibles iniciación curta e iniciación longa*.
(*) cumpren 16 anos ou máis en 2026

CRONOMETRAXE E RESULTADOS

Na saída haberá **BALIZA START** para todas as categorías (salvo para as persoas que cheguen tarde, que deberán saír sen picala).

Os **resultados en directo** estarán dispoñibles [neste enlace](#).

AVITUALLAMENTO

NON haberá avituallamento en carreira para **NINGÚN** dos percorridos, polo que as persoas que o desexen deberán levar o seu propio recipiente con auga.

Haberá **avituallamento líquido** ao chegar a **meta**. Prégase que traiaades o **vosso propio vasiño/recipiente** para non xerar refugалlos.

ENTREGA DE DIPLOMAS

Realizarase a entrega dos diplomas correspondentes ao **Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa** a **todas as categorías oficiais**.

Despois da entrega de diplomas haberá un **SORTEO PRESENCIAL** de queixos da [Cooperativa Campo Capela](#) entre todas as persoas inscritas á proba.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente proba é una competición oficial de la Federación Galega de Orientación (FEGADO) e polo tanto serán de aplicación obrigatoria tanto o [Regulamento FEGADO O-Pé 2026](#) e os seus correspondentes ANEXOS, así como as [Normas Anuais FEGADO O-Pé 2026](#).

Tamén son de aplicación as [Cotas e Acordos FEGADO para a TEMPADA 2026](#).

ONDE COMER, ONDE DURMIR...

O [Concello de As Pontes de García Rodríguez](#) conta cunha ampla oferta **hostaleira**, destacando: [Hotel Pontes do Eume](#), [Aida's Apartments](#), [Casa rural “Tres Fontes”](#) e [Apartamentos turísticos “O Petouto” \(981109210\)](#). A vila tamén conta con dúas **áreas de servizo de autocaravanas** ([área 1](#) e [área 2](#)).

Ademais, en As Pontes hai numerosos **bares e restaurantes** nos que desfrutar da gastronomía local, especialmente do **grelo** e das **setas**, produtos típicos desta zona que contan coa súa propia feira.

O Concello ofrece tamén diversas [actividades turísticas](#) coas que completar a fin de semana.



III GALICIA O-MEETING

CTO XUNTA DE GALICIA DISTANCIA LONGA | 6ª PROBA DA LG DE O-PÉ | 2ª PROBA LTF
PENA DOS MONTEIROS (AS PONTES) | Sábado 12 de setembro de 2026

ORGANIZAN E COLABORAN

ORGANIZAN:



COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

